

IX CARREIRA POPULAR ESCOLAR DAS LETRAS GALEGAS. CONCELLO DE VILALBA. 16 DE MAIO DE 2018.

1. REGULAMENTO

O Concello de Vilalba organiza a IX Carreira Popular das Letras Galegas o 16 de maio de 2018 na localidade de Vilalba.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación nel.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.

2. CATEGORÍAS NENOS/AS

Categorías masculinas e femininas

As carreiras comezarán a partir das 11:00 da mañá en adiante

Categoría +5_____nados/as entre 2013 e 2012 (ambos inclusive)

Categoría +7_____nados/as entre 2011 e 2009 (ambos inclusive)

Categoría +10_____nados/as entre 2008 e 2006 (ambos inclusive)

Categoría +13_____nados/as entre 2005 e 2002 (ambos inclusive)

2.1. INSCRICIÓNS CARREIRA:

Inscrición gratuita, dende o 30 de abril ata o 11 de maio ás 12:00h.

Muy importante indicar a que colexio pertence cada participante.

* Na web www.championchipnorte.com.

* Inscripcións presenciais na Oficina de Deportes do Concello de Vilalba en horario de 9:00h a 13:30 horas.

* Co/a docente especialista en educación física dos distintos centros educativos. Aos docentes facilitaráselles unha folla de excel para volcar os datos á plataforma de inscricións.

Non se aceptan inscricións por teléfono/fax ou correo electrónico.

A organización reservarase o dereito de non inscribir a aquelas persoas que non cubran correctamente os datos requeridos e, polo tanto, impedirles a participación na proba.

2.2. PERCORRIDO (anexo I):

CATEGORÍA +5 _____ **300 metros.**

CATEGORÍA +7 _____ **600 metros.**

CATEGORÍA +10 _____ **850 metros.**

CATEGORÍA +13 _____ **1600 metros.**

CATEGORÍA +5: Saída na Praza da Constitución, rúa de Galicia, rúa Xosé María Chao Ledo e volta á meta pola rúa dos Pepes.

CATEGORÍA +7: Saída na Praza da Constitución, rúa de Galicia, rúa Xosé María Chao Ledo, aparcadoiro subterráneo, dirección a Rúa novo Cazón, Rúa Luis González Valdesuso, e volta pola rúa Basanta Silva.

CATEGORÍA +10: Saída na Praza da Constitución, rúa da Pravia, rúa Campo de Puente e volta á meta pola rúa Basanta Silva.

CATEGORÍA +13: saída na Praza da Constitución, rúa da Pravia, rúa Campo de Puente, rúa de Muras, rúa de Foz e volta á meta pola rúa Basanta Silva.

2.3. ENTREGA DE DORSAIS

Os dorsais entregaranse entre os días 14 e 15 de maio (inscritos nos centros educativos) e os inscritos na web ou presencialmente no Concello, o mesmo día da proba 16 de maio a partir das 10:00h.

2.4. PREMIOS

Trofeo para o primeiro/a, segundo/a e terceiro/a de cada categoría.

Avituallamento final para todos os que rematen a proba.

Entradas gratuítas para o parque acuático de A Madalena.

2.5. INFORMACIÓN

Nas webs:

vilalba.org

www.championchipnorte.com

3. OUTRAS DISPOSICIÓNS

- Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito poderá ser descalificado.
- Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non escritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.
- As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente á Organización non mais tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.
- SERVICIOS (persoal sanitario, ambulancia, avituallamento). A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.
- A organización da proba reservarase o dereito de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

ANEXO I


Categoría + 5 anos



Categoría + 7 anos



Categoría + 10 anos



Categoría + 13 anos

